





## O cambio climático e a sociedade

### Refugiados climáticos

Segundo os datos das Nacións Unidas, uns 150 millóns de persoas terán que migrar dos seus territorios a causa do cambio climático. O clima e os desastres naturais xa están por enriba das razóns políticas, de violencia ou económicas como causa das migracións.




### Salvar as selvas

Brasil anunciou un ambicioso plan para recuperar estes ecosistemas vitais para o equilibrio da atmosfera.




A gráfica da dereita amosa a poboación que se verá afectada polas inundacións en función do incremento do nivel do mar.



Luz da Terra vista dende un satélite porque escapou ao espazo. Isto non debería ocorrer, porque o seo obxectivo é iluminar a superficie da terra.

### A temperatura do Índico agrava a fame en África

O movemento da humidade sobre o Océano Índico, vinculada ao aumento da temperatura da superficie, está a motivar que, mentres crecen as chuvias no océano, aumenta a frecuencia das secas en países como Etiopía, Kenia, Tanzania, Zambia, Malawi e Zimbawe. Segundo o mapa da FAO esta área coincide coa dos países en que máis dun 30 por cento da poboación vive na extrema pobreza. As secas non fan máis que agravar o problema.



### A transición enerxética chinesa



### Alto risco de inundación

A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico elaborou unha listaxe coas 130 cidades que sufrirán un maior risco de inundacións en 2070. Nese momento haberá 150 millóns de persoas en grandes aglomeracións urbanas que estarán directamente expostas a este desastre. O mapa amosa as dez primeiras cidades da listaxe, a maior parte delas na China e no sueste asiático. Tamén están marcadas as cidades europeas.

### RESPONDE:

**No cumio da Terra en Rio de Xaneiro (1992) estableceuse que "quen contamina paga", ¿é isto certo?**

**Que se quere dicir coa expresión "quen máis contamina primeiro responde, un 25% da poboación consome o 75% das necesidades?"**

**Sería ético que o primeiro mundo se opona ao desenvolvemento industrial que está a experimentar a China?**

